

# OPCIONES Ó FINALIZAR 4º DA ESO

DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN  
IES MENDIÑO  
CURSO 2020/2021

# CON OU SEN TÍTULO. QUÉ PODO FACER ???

CO TÍTULO DA ESO

SEN O TÍTULO DA ESO

**Bacharelato**

**FP Básica**

**Ciclos de Grao Medio**

**Educación de adultos**

**Ciclos de Grao Medio de Réxime Especial:** **Ensinanzas Deportivas e Artes Plásticas** (precisan de proba de acceso específica)

**Proba libre graduado en educación secundaria**  
(18 anos)

**Proba de acceso Ciclos Grao Medio**

Co título de graduado en  
ESO

**BACHARELATO**

# BACHARELATO

- ▣ **Ensinanzas ás que da acceso**
- ▣ **Estrutura**
- ▣ **Modalidades e materias de 1º e 2º**
- ▣ **Avaliación, Promoción e Titulación**
- ▣ **Proba Final do Bacharelato**
- ▣ **Relación entre ramas de coñecemento, graos e materias de 1º de Bacharelato**

# Ensinanzas ás que da acceso

O bacharelato dá acceso ás seguintes ensinanzas:

- ▣ **Graos Universitarios**
- ▣ **Ciclos de Grao Superior de FP**
- ▣ **Ciclos de Grao Superior de Ensinanzas Deportivas**
- ▣ **Ensinanzas Artísticas Superiores**
- ▣ **Estudos Superiores** (equivalentes a estudos universitarios)

# Estrutura do bacharelato

•3 MODALIDADES: Artes, Humanidades e Ciencias Sociais, Ciencias e Tecnoloxía

•TIPOS DE ASIGNATURAS:

TRONCAIS

ESPECÍFICAS

DE LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA

CANDO ESCOLLAS AS ASIGNATURAS TEN EN CONTA QUE:

En 2º hai algunhas que só se poden escoller se se cursaron en 1º. Son as **MATERIAS DE CONTINUIDADE**

As materias que aparecen con números romanos I e II. Sen embargo, poderase matricular da materia de 2º sen cursar a correspondente de 1º curso se o profesorado que a imparte considera que reúne as condicións necesarias para poder seguir con aproveitamento a materia de 2º curso.

# 1º de bacharelato

BACHARELATO		CIENCIAS	HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		ARTES
TRONCAIS (4+2)	XERAIS (4 materias)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Matemáticas I</li> <li>- LC e Lit I</li> <li>-Lingua estranxeira I</li> <li>-Filosofía</li> </ul>	<b>HUMANIDADES</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Latín I</li> <li>- Lingua castelá e Lit I</li> <li>- Lingua estranxeira I</li> <li>- Filosofía</li> </ul>	<b>CC. SOCIAIS</b> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Mat. apl. CS I</li> <li>- Lingua castelá e Lit</li> <li>- L Estranxeira I</li> <li>- Filosofía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Fundamentos do arte I</li> <li>- LC e Literatura</li> <li>- L Estranxeira I</li> <li>- Filosofía</li> </ul>
	OPCIÓN (2 materias)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Física e Química</li> <li>- Bioloxía e Xeoloxía</li> <li>- Debuxo Técnico I</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Hª do Mundo Contemporáneo</li> <li>- Literatura Universal</li> <li>- Grego I</li> <li>- Economía</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Historia do Mundo Contemporáneo</li> <li>-Literatura Universal</li> <li>-Cultura Audiovisual I</li> </ul>	
<b>EDUCACIÓN FÍSICA (obligatoria)</b>					
ESPECÍFICAS + LIBRE CONFIGURACIÓN (2 ou 3 materias a escoller que sumen 7 horas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Cultura Científica</li> <li>-Anatomía aplicada</li> <li>-Debuxo Técnico I</li> <li>Linguaxe práctica musical</li> <li>-Libre Configuración do centro</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tecnoloxía Industrial I</li> <li>- 2ª Lingua Estranxeira I</li> <li>- Volume</li> <li>-Relixión</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-TICs I</li> <li>-Debuxo Artístico I</li> <li>-Análise Musical</li> <li>- <i>Materia Troncal non cursada</i></li> </ul>		
LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura I (obligatoria)				

# 1º bacharelato no IES Mendiño

## 1º BACHARELATO DE CIENCIAS. MATERIAS DA MATRÍCULA.

Materias comúns			Horas
X	Lingua Castelá e Literatura I	3	14 horas
X	Filosofía	3	
X	Inglés	3	
X	Lingua Galega e Literatura I	3	
X	Educación Física	2	

<input type="checkbox"/>	Opción A	X	Matemáticas I	4	18 horas
		X	Física e Química	4	
		X	Bioloxía e Xeoloxía	4	
		X	Anatomía Aplicada	3	
		X	Linguaxe e Práctica Musical	3	

<input type="checkbox"/>	Opción B	X	Matemáticas I	4	18 horas	
		X	Física e Química	4		
		X	Bioloxía e Xeoloxía	4		
		X	Anatomía Aplicada	3		
		<b>Ordena por orden de preferencia do 1 ao 4 as seguintes materias</b>				
			Cultura Científica	2		
			TIC I	2		
			Taller de Experimentos	2		
		<b>Escolle unha das seguintes materias</b>				
			Relixión	1		
	Reforzo de Inglés	1				



<b>Opción C</b>	X	<i>Matemáticas I</i>	4	18 horas
	X	<i>Física e Química</i>	4	
	X	<i>Debuxo técnico I</i>	4	
	X	<i>Tecnoloxía Industrial I</i>	3	
	X	<i>Linguaxe e Práctica Musical</i>	3	

<b>Opción D</b>	X	<i>Matemáticas I</i>	4	18 horas	
	X	<i>Física e Química</i>	4		
	X	<i>Debuxo Técnico I</i>	4		
	X	<i>Tecnoloxía Industrial I</i>	3		
	<b>Ordena por orden de preferencia do 1 ao 4 as seguintes materias</b>				
		Cultura Científica	2		
		TIC I	2		
		Taller de Experimentos	2		
		Robótica	2		
	<b>Escolle unha das seguintes materias</b>				
		Relixión	1		
		Reforzo de Inglés	1		
<b>Horas totais</b>			<b>14+18=32</b>		

**1º BACHARELATO DE HUMANIDADES E CIENCIAS SOCIAIS. MATERIAS DA MATRÍCULA.**

Materias comúns						Horas	14 horas
X	Lingua Castelá e Literatura I					3	
X	Filosofía					3	
X	Inglés					3	
X	Lingua Galega e Literatura I					3	
X	Educación Física					2	

Elixer unha opción:

Ciencias sociais

		Horas
X	Matemáticas Aplicadas ás CCSS I	4
X	Economía	4

Humanidades

		Horas
X	Latín I	4
X	Grego I	4

Elixer un dos seguintes bloques

Bloque A

X	Linguaxe e Práctica Musical					3	10 horas	
<b>Escolle unha das seguintes materias</b>								
	Historia do Mundo Contemporáneo					4		
	Literatura Universal					4		
<b>Escolle unha das seguintes materias</b>								
	Francés I					2		
	TIC I					2		
<b>Escolle unha das seguintes materias</b>								
	Relixión					1		
	Reforzo de Inglés					1		



Bloque B

X	Historia do Mundo Contemporáneo					4	10 horas
X	Literatura Universal					4	
Escolle unha das seguintes materias							
	Francés I					2	
	TIC I					2	
Horas totais						14+8+10=32	

# 2º bacharelato

BACHARELATO		CIENCIAS	HUMANIDADES E CC. SOCIAIS		ARTES
TRONCAIS (4+2)	XERAIS (4 materias)	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Matemáticas II</li> <li>- Lingua castelá e Lit</li> <li>- 2ª L. Estranxeira II</li> <li>- Hª España</li> </ul>	HUMANIDADES	CC. SOCIAIS	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Fundamentos do arte II</li> <li>-Lingua castelá e Lit II</li> <li>-I Lingua estranxeira II</li> <li>-Hª España</li> </ul>
	OPCIÓN (2 materias)	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Física</li> <li>-Química</li> <li>-Bioloxía</li> <li>-Xeoloxía</li> <li>-Debuxo Técnico II</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Latín II</li> <li>-Lingua castelá e Lit II</li> <li>-II Lingua estranxeira II</li> <li>-Hª España</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>-Matemáticas aplicadas ás CS II</li> <li>-Lingua castelá e Lit II</li> <li>-II Lingua estranxeira II</li> <li>-Hª España</li> </ul>	
ESPECÍFICAS + LIBRE CONFIGURACIÓN (2 ou 3 materias a escoller que sumen 8 horas)	<ul style="list-style-type: none"> <li>-C. da Terra e o Medio ambiente</li> <li>-Fundamentos da administración e Xestión</li> <li>-Técnicas de expresión gráfico-plásticas</li> <li>-Debuxo Técnico II (*)</li> <li>-Hª da Música e da Danza</li> <li>-Libre Configuración do centro</li> <li>(*) SEMPRE QUE NON FORAN ESCOLLIDAS</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>-Tecnoloxía Industrial II</li> <li>- 2ª Lingua Estranxeira II</li> <li>- Hª da Filosofía (*)</li> <li>- Imaxe e Son</li> <li>- Relixión</li> </ul>		<ul style="list-style-type: none"> <li>-TICs II</li> <li>-Sicoloxía</li> <li>-Debuxo Artístico II</li> <li>-Análise Musical II</li> <li>-Materia Troncal non cursada</li> </ul>
	LIBRE CONFIGURACIÓN AUTONÓMICA	Lingua Galega e Literatura II (obrigatoria)			

# Avaliación, Promoción e titulación

## PROMOCIÓN:

Pasan de 1º a 2º con todo aprobado ou con máximo 2 suspensas.

En 2º si teñen algunhas suspensas poden optar por repetir curso ou matricularse das pendentas.

## AVALIACIÓN FINAL DE BACH:

Poderanse presentar aqueles con todo aprobado no Bacharelato (está paralizada polo momento)

TÍTULO BACH: 60% nota media de Bach + 40% nota media da proba final

# Graos universitarios-ramas de coñecemento-bacharelato

## O que debes saber:

1. Hai 5 ramas de coñecemento:

- **Artes e Humanidades**
- **Ciencias**
- **Ciencias da Saúde**
- **Enxeñaría e Arquitectura**
- **Xurídico Social**

2. Cada grao universitario pertence a unha rama de coñecemento.

3. As materias de modalidade de 2º están vinculadas coas ramas de coñecemento

# Graos da rama de ciencias-materias de 1º de bacharelato

## GRAOS

Ciencias Ambientais  
Ciencias do Mar  
Química  
Biología  
Física  
Matemáticas  
Ciencia e Tecnoloxía dos alimentos

## MATERIAS 1º BACHARELATO

### Deberías escoller:

Matemáticas  
Física e Química  
Biología e Xeoloxía

# Graos da rama de ciencias da saúde-materias de 1º de bacharelato

## GRAOS

Medicina  
Odontoloxía  
Podoloxía  
Enfermaría  
Psicoloxía  
Fisioterapia  
Nutrición Humana e Dietética  
Farmacia  
Optica e optometría  
Terapia Ocupacional  
Logopedia  
Veterinaria

## MATERIAS 1º BACHARELATO

**Deberías escoller:**

Matemáticas  
Física e Química  
Biología e Xeoloxía



# GRAOS DA RAMA DE CIENCIAS SOCIAIS E XURÍDICAS- MATERIAS DE 1º DE BACHARELATO

## GRAOS

Xornalismo  
Educación Social  
Pedagogía  
Comunicación Audiovisual  
Comercio  
Traballo social  
Turismo  
Ciencias Empresariais  
Socioloxía  
Dirección e Xestión Pública

## MATERIAS 1º BACHARELATO

Publicidade e Relacións Públicas  
Mestre: Educación infantil, E. Primaria  
Consultoría e Xestión da información  
Relacións Laborais e Recurso Humanos  
Ciencias Políticas e da Administración  
Dereito  
Economía  
Administración e Dirección de Empresas  
C. da Activ Física e do Deporte (proba)  
Xeografía e Xestión Pública

### **Podes escoller:**

**Matemáticas aplicadas ás CCSS** (para todas)  
**Economía** (Empresariais, D.Xestión Pública, Comercio, Relacións Laborais, C. Políticas, Administrac e dirección de empresas, Economía...)  
**Latín** (Dereito, Xornalismo, Xeografía, C.Política...)

# Graos da rama de artes e humanidades- materias de 1º de bacharelato

## GRAOS

## MATERIAS 1º BACHARELATO

Belas Artes  
Ciencias da Cultura e Difusión Cultural  
Español: Estudos Lingüísticos e Literarios  
Estudos de Galego e español  
Filoloxía Clásica  
Filosofía  
Galego e Portugués: Estudos Lingüísticos e lit  
Historia  
Historia da Arte  
Humanidades

Información e Documentación  
Linguas Estranxeiras  
Inglés: Estud lingüísticos e lit  
Tradución e Interpretación  
Xeografía e Historia  
Lingua e lit galega  
Lingua e lit española  
  
Lingua e Lit Inglesa  
Lingua e Lit Moderna

### **Podes escoller:**

**Latín, Grego, Lit Universal** para graos relacionados coas linguas...

**Debuxo artístico** para Belas Artes,...

**Hª do mundo contemporáneo** para Historia, Humanidades, C.Política...)

# Graos da rama de enxeñaría e arquitectura- materias de 1º de bacharelato

## GRAOS

Arquitectura  
Enxeñaría Agraria  
E. das Industrias Agroalimentarias  
E. Forestal e do medio natural  
Tecnoloxía da Enxeñaría Civil  
Enxeñaría Informática  
E. das Tecnoloxías Industriais  
E. Eléctrica  
E. Química  
E. de Proces. Químicos Industriais  
E. da Enerxía  
E. Propulsión e Servicios do Buque  
E. Mariña  
E. xeomática e Topografía

## MATERIAS 1º BACHARELATO

Arquitectura Naval  
E. Agrícola e do medio rural  
Enxeñaría Forestal  
Enxeñaría Civil  
Enxeñaría da Edificación  
E. Tecnolox de Telecomunicación  
E. Electrónica Industrial e Automática  
E. de Organización Industrial  
E. Química Industrial  
E. Mecánica  
E. Recursos Mineiros e Enerxéticos  
E. Náutica e Transporte Marítimo  
E.Obras Públicas  
E. deseño Indust e desenvolv do produto

### **Deberías cursar:**

Matemáticas  
Física e Química  
Tecnoloxía Industrial  
Debuxo Técnico

# Ciclos de grao superior: pasos para escoller modalidades e materias

Para escoller modalidade e materias para cursar un Ciclo Superior debes:

## **1º) Coñecer a oferta de FP.**

Consulta:

<http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp> (Galicia)

<http://www.todofp.es/> (a nivel nacional)

## **2º) Coñecer o vínculo entre ciclos e modalidades/materias de Bacharelatos:**

[http://www.edu.xunta.es/fp/webfm\\_send/6003](http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/6003)

# CS ou ensinanzas superiores de réxime especial: pasos para escoller modalidades e materias

## 1º) Coñecer a oferta de C.S e Ensinanzas Superiores. Consulta:

[Ensinanzas de réxime especial | Consellería de Cultura, Educación e Universidade \(xunta.gal\)](#)

## 2º) No caso de elexir ensinanzas artísticas podes:

- Cursar o Bacharelato Artístico (neste caso non terías que realizar a proba de acceso)
- Cursar outra modalidade, pero escollendo materias que te permitan superar a proba de acceso: Debuxo, Historia da Arte.

Co título de graduado en  
ESO

CICLOS DE GRAO MEDIO

# CICLOS DE GRAO MEDIO

**FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS**

**TIPO DE OFERTA: REXÍMENES**

**TITULACIÓN E PROMOCIÓN**

**OPCIÓN DESPOIS DUN CICLO MEDIO**

**OFERTA DE CICLOS**

**ADMISIÓN E MATRÍCULA**

# FAMILIAS PROFESIONAIS E CICLOS FORMATIVOS

## FAMILIAS PROFESIONAIS:

- Agrupan varios Ciclos do mesmo sector que poden ser de Grao Medio (CM) ou de Grao Superior (CS).
- Exemplo de Familia Profesional: Imaxe e Son

## CICLOS:

- Duración de tódolos CM e CS: 2000 horas
- Acceso a calquera titulación universitaria dende calquera CS
- Validación dos estudos de Grao Superior na Universidade
- Exemplo de Ciclos de Imaxe e Son:
  - CM Video disk-jockey e son
  - CS Animación 3D, xogos e contornos interactivos



# Familias profesionais e ciclos formativos II

## MÓDULOS:

- Equivalen ás materias de ESO e Bacharelato
- Clases de Módulos:
  - **Profesionais:** propios de cada Ciclo
  - **FOL:** en tódolos Ciclos
  - **FCT:** prácticas en empresas. Iníciase cando están superados os demais Módulos
  - **Proxecto:** cúrsase nos CS ó mesmo tempo ca FCT. Tes que facer un proxecto empresarial no que tes que integrar todo o aprendido no Ciclo.

# Oferta e rexímenes

**OFERTA ORDINARIA:** matrícula de curso completo con asistencia presencial en horario de mañá ou/e de tarde

**OFERTA MODULAR (ADULTOS):**

☐ **Presencial**

☐ **A distancia:**

- Oferta deseñada para que os estudantes concilien a vida laboral, persoal e educativa.
- Non se estrutura en cursos. Matrícula por Módulos (máximo 1000 h/ano)
- Leva máis de 2 cursos académicos.
- Dúas posibilidades de matrícula (Rexímenes):
- Presencial: asistir presencialmente en horario de tarde-noite
- A distancia: hai que realizar tarefas, estudar o material que facilitan nunha plataforma dixital e asistir trimestralmente ós exames.

**DUAL:** unha parte importante da formación a asume unha empresa. Pásase a formar parte da plantilla cobrando un pequeno soldo. A selección faina a empresa. Os requisitos e períodos de inscrición son diferentes.

# Titulación e promoción

## TITULACIÓN

### □ Título que obtés

C.M: Técnico

C.S: Técnico Superior

### □ Ademáis obtés:

- Certificado nivel básico de Prevención de Riscos Laborais
- Carné profesional (cando se precisa)

## PROMOCIÓN

### □ Cantas veces podes repetir?

- No réxime ordinario **tes 4 anos para finalizar o ciclo**. Se non o consigues, terás que continuar pola oferta modular.
- Se repites 2 veces o mesmo curso non tes asegurada praza no centro no que estabas matriculado/a.

# Opcións ó finalizar un ciclo de grao medio

## INCORPORACIÓN Ó MUNDO LABORAL

**Co título de Técnico tes o Nivel 2** no Catálogo Nacional de Cualificacións Profesionais (CNCP).

### Con el podes:

- Preparar oposicións
- Montar a túa empresa ou
- Traballar por conta allea
- Algúns centros teñen bolsas de emprego para os seus titulados/as.

## ACCEDER A CICLOS DE GS

Coa LOMCE terás acceso directo dende un CM.

Lembra que **co Título de Técnico Superior obtés:**

- **Nivel 3 no mundo laboral**
- **Podes acceder á universidade.**

# Oferta de ciclos de grao medio

Podes consultar a oferta de ciclos medios e superiores en detalle en:

<http://www.edu.xunta.es/fp/oferta-fp> (Galicia)

<http://www.todofp.es/> (a nivel nacional)

Departamento de Orientación

Folletos

# Solicitud de admisión e matrícula

Para acceder a un ciclo hai que levar a cabo 2 pasos:

## 1. SOLICITUDE DE ADMISIÓN:

- **Prazos de admisión:** **xuño** (se aprobas en xuño) ou **setembro** (se aprobas este curso en setembro)
- **Rexímenes:** **ordinario**, adultos presencial, adultos a distancia. Só se pode cubrir unha folla de inscrición por réxime. Podes marcar ata 8 opcións, ordeándoas como queiras, combinando ciclos e centros diferentes. Se cubres as 8 opcións amplías a posibilidade de ter praza.
- **Formas de facer a solicitude:** **vía web.**

## 2. MATRÍCULA:

- **Unha vez publicado o listado de admitidos poderás formalizar a MATRÍCULA.** Toda a información en [www.edu.xunta.es/fp](http://www.edu.xunta.es/fp).
- Hai que matricularse nos prazos indicados, de non facelo, enténdese que renuncias á praza.
- **Enlace con toda a información:** <http://www.edu.xunta.es/fp/admisionCM.htm>

Co título de graduado en  
ESO

**CM DAS ENSINANZAS  
DE RÉXIME ESPECIAL**

# CM DAS ENSINANZAS DE RÉXIME ESPECIAL

□ Podes cursar ciclos medios das ensinanzas de réxime especial de:

- **Artes plásticas e deseño**

- **Ensinanzas Deportivas**

□ Iestas ensinanzas precisan dunha **Proba de acceso específica**

□ **Enlace** con toda a oferta, inscrición, proba de acceso:

<http://www.edu.xunta.gal/portal/taxonomy/term/109>



Sen o título de graduado en  
ESO

**FP BÁSICA**

# QUÉ É A FP BÁSICA??

## □ É o Nivel 1 da Formación Profesional

- Organízase en ciclos formativos de dous anos de duración que inclúen FCT igual que os CM (Nivel 2) e CS (Nivel 3).
- Con esta ensinanza acadarás as competencias básicas dunha profesión.
- Tes oferta de ciclos de diferentes familias profesionais.

## □ Permite o acceso directo a: Ciclos de Grao Medio

## □ Ten os mesmos efectos laborais que o título da ESO

## □ Se obtes o título de FP Básica podes presentarte á proba de avaliación final da ESO (opción ensinanzas académicas) e obter o título da ESO

# REQUISITOS PARA CURSAR A FP BÁSICA

## **Podes cursar FP Básica se:**

**Eres maior de 15 anos e non superas os 17 anos** no momento da matrícula ou no ano natural de comezo do curso (ata decembro do 2016).

**Ter cursado 3º da ESO ou, EXCEPCIONALMENTE, 2º ESO**

**Eres proposto/a polo equipo docente (consello orientador) e teu pai, nai ou titor/a legal aceptan a incorporación a FP Básica.**

**CANDO QUEDAN PRAZAS** tamén poderías cursar FP Básica se:

**Eres maior de 17 anos e non tes ningún título (nin de FP nin ESO)**

# PROMOCIÓN E TITULACIÓN NA FP BÁSICA

## PROMOCIÓN AO 2º CURSO:

Cando os módulos asociados a unha unidade de competencia non superen o 20% do horario semanal

## REPETICIÓN:

- Podes repetir **unha vez cada curso**
- Podes repetir **unha vez a FCT**

## TITULACIÓN:

- **Se superas todos os módulos, obtés o título de FP básica**
- **Se non superas todos os módulos, terás unha certificación dos módulos superados**

# ORGANIZACIÓN DA FP BÁSICA: MÓDULOS

MÓDULOS	SESIÓNS	SESIÓNS
COMUNICACIÓN E SOCIEDADE	7	6
CIENCIAS APLICADAS	6	7
ASOCIADOS A UNHA UNIDADE DE COMPETENCIA (relacionado co Ciclo escollido)	18	18
FCT (prácticas en empresas)		
TITORÍA	1	1
<b>TOTAL</b>	<b>32</b>	<b>32</b>

# OFERTA DE TÍTULOS, SOLICITUDE DE PRAZA E MATRÍCULA NA FP BÁSICA

Consulta a oferta en:

[http://www.edu.xunta.es/fp/webfm\\_send/4954](http://www.edu.xunta.es/fp/webfm_send/4954)

Solicitud de praza, matrícula e documentación en:

<http://www.edu.xunta.es/fp/fpbasica#un>

Sen o título de graduado en  
ESO

**EDUCACIÓN DE  
ADULTOS**

# ENSINANZAS CONDUCENTES Á OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

## QUÉN PODE ACCEDER?

- Os/as maiores de 18 anos ou aqueles/as que os cumpran no ano natural en que comeza o curso escolar.
- **EXCEPCIONALMENTE**, os/as maiores de 16 anos que tendo un contrato laboral non poidan asistir aos centros educativos en réxime ordinario ou, sexan deportistas de alto rendemento.

## ORGANIZACIÓN:

- Estas ensinanzas son equivalentes ás ensinanzas de ESO polo réxime ordinario.
- Constan de catro módulos de duración cuadrimestral. Cada un organízase en tres campos de coñecemento: ámbito de comunicación, ámbito de sociedade e ámbito científico-tecnolóxico.
- Na modalidade semipresencial é obrigatoria a asistencia ás titorías de cada ámbito (unha hora semanal para o ámbito social, dúas sesións lectivas para o ámbito de comunicación e outras dúas para o ámbito científico-tecnolóxico).
- A modalidade a distancia con titorías telemáticas non supón a asistencia a titorías presenciais. A comunicación cos titores é a través da [Aula Virtual do IES San Clemente](#).



# ORGANIZACIÓN DA EDUCACIÓN DE ADULTOS PARA A OBTENCIÓN DO TÍTULO DE GRADUADO EN ESO

**Dous Cursos.**

**Tres Ámbitos:** organizados en módulos e cada ámbito inclúe aspectos de varias materias.

ÁMBITOS	MATERIAS COAS QUE SE RELACIONAN
COMUNICACIÓN	Lingua Galega e Literatura Lingua Castelá e Literatura 1º Lingua Estranxeira
SOCIAL	C. Sociais, Xeografía e Historia Aspectos perceptivos das materias de Educación Plástica e Visual e Música
CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO	Matemáticas Ciencias da Natureza Tecnoloxías Aspectos relacionados coa saúde e o medio natural de educación Física

SEN O TÍTULO DE  
GRADUADO EN ESO

PROBAS LIBRES  
PARA A OBTENCIÓN  
DO TÍTULO DA ESO

# REGULAMENTO DAS PROBAS

## QUÉN SE PODE PRESENTAR?

Pódense presentar a estas probas todas as persoas que teñan cumpridos dezoito anos o día anterior á data na que se celebren as probas.

## CÓMO SON AS PROBAS?

As probas están estruturadas en tres ámbitos:

- **Ámbito da comunicación:** inclúe probas específicas correspondentes á Lingua castelá e literatura, Lingua galega e literatura e Lingua estranxeira.
- **Ámbito científico-tecnolóxico:** inclúe probas específicas de Matemáticas, Tecnoloxía e Ciencias da natureza (contidos de Xeoloxía, Bioloxía, e Física e química).
- **Ámbito social:** inclúe contidos correspondentes fundamentalmente a Xeografía e historia, con algunha cuestión concreta de Música e de Educación plástica e visual.

# REGULAMENTO DAS PROBAS II

## CANDO SE CONVOCAN E CELEBRAN?

- As probas celébranse **dúas veces ao ano**.
- Os **lugares de exame**, as **datas de celebración**, etc., son feitos públicos con certa antelación no seguinte enderezo web:

<http://www.edu.xunta.es/web/node/1238>

# ESTUDOS ANTERIORES VALIDABLES PARA ESTAS PROBAS

## MATERIAS APROBADAS DE 4º ESO

## EQUIVALENCIAS COS ÁMBITOS DA PROBA

L. Galega e Literatura  
L. Castelá e Literatura  
1ª ou 2ª L. Estranxeira

ÁMBITO DA COMUNICACIÓN

Matemáticas  
Tecnoloxía e Ciencias da Natureza (ou Física e  
Química máis Bioloxía e Xeoloxía)

ÁMBITO CIENTÍFICO-TECNOLÓXICO

Ciencias Sociais, Xeografía e Historia

ÁMBITO SOCIAL